



Resolución de 2 de maio de 2017 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve a convocatoria do proxecto piloto ESCORNABOTS NA BIBLIOTECA ESCOLAR, para a introdución dos robots e da linguaxe de programación nas bibliotecas escolares dos centros públicos que matriculan alumnado de educación infantil e primaria, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o ano 2017.

Con data 17 de abril de 2017 a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública, a través do Portal Educativo, a convocatoria do Proxecto Escornabots na biblioteca escolar, dirixida a estimular a iniciación do alumnado de infantil e primaria no campo da robótica e na linguaxe de programación a través de actividades manipulativas e outras, programadas desde a biblioteca escolar, mediante a utilización de pequenos robots, os Escornabots, deseñados dentro dun proxecto de Hardware Libre, cunha evolución aberta á comunidade. Buscábase, así mesmo, ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado.

A convocatoria ía dirixida aos centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2016/2017, que matriculan alumnado de ensino infantil e primario. Contemplaba a incorporación de 20 novos centros a este proxecto así como a continuidade dos centros que xa puxeron en marcha este proxecto no curso pasado, previa solicitude e valoración positiva da memoria de actividades correspondente.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes polos centros interesados, con data 2 de maio reúnese a comisión de valoración prevista no apartado 4 da convocatoria e elabora unha proposta de selección de centros, tras analizar que todas as solicitudes cumpren os requisitos esixidos e segundo os criterios previstos:

- Valoración acadada pola memoria do pasado curso 2015/2016 (ou polo proxecto presentado, no caso dos centros de nova incorporación na última convocatoria PLAMBE), priorizando aqueles centros que presentan unha actividade media-alta.
- Localización: terán prioridade os centros localizados en concellos de ámbito rural, procurando unha distribución axeitada polo territorio galego. A estes efectos acudíuse á clasificación dos concellos galegos realizada polo IGE (Instituto Galego de Estatística) en base á densidade de poboación.

De acordo coa proposta formulada por esta comisión de valoración e de conformidade cos apartados 1, 3 e 4 do texto da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar de entre as solicitudes de incorporación presentadas que se axustan aos requisitos da convocatoria e tendo en conta os criterios previstos, un total de **20** centros para a súa participación no proxecto piloto Escornabots na biblioteca escolar para o ano 2017. A relación aparece recollida no anexo I desta resolución coa especificación de “nova incorporación”. No caso de renuncias ou baixas dalgún destes centros, teranse en conta o resto de solicitudes, ordenadas seguindo os mesmos criterios de selección, en calidade de reserva. As actividades derivadas da participación nesta iniciativa deberán integrarse na dinámica da biblioteca escolar do centro.



Segundo.- As persoas designadas por estes centros para a o seguimento da actividade formativa prevista serán convocadas á sesión presencial que terá lugar o día 12 de maio na EGAP, en Santiago de Compostela, en horario de mañá e tarde. Alí, xunto coa formación inicial necesaria, e as pautas para o desenvolvemento do proxecto no contexto da biblioteca escolar, recibirán os materiais necesarios para a posta en funcionamento desta iniciativa, que pasarán a formar parte do equipamento da biblioteca. A ausencia non xustificada a esta actividade exclúe da participación no proxecto.

Terceiro.- A actividade formativa continuarase a través de Platega, e dará dereito a unha certificación de 40 horas de formación, emitida polo Servizo de Formación do Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sempre que se cumpran os requisitos de participación. Así mesmo, polo labor de coordinación e integración das actividades derivadas desta iniciativa na dinámica da biblioteca, a persoa integrante do equipo de biblioteca, responsable do proxecto, recibirá unha certificación de 10 horas en concepto de innovación educativa, emitida pola Dirección de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, sempre que a memoria de actividades realizadas reflecta esta integración.

Cuarto.- Admitir a continuidade de todos os centros integrados no Proxecto Escornabots na biblioteca escolar, na anterior convocatoria, que presentaron a correspondente solicitude, á vista das memorias presentadas, e que aparecen reflectidos no anexo I coa especificación de “continuidade”. As baixas ocasionadas son resultado de renuncia por parte dos centros.

Quinto.- Con data límite do 31 de marzo de 2018 os centros participantes deberán contribuír coas súas valoracións (nun impreso que se facilitará) á elaboración dun informe final deste proxecto piloto, que se difundirá a través dos espazos web desta consellería. Así mesmo, cada centro presentará unha breve memoria de actividades levadas a cabo durante o transcurso do proxecto (máximo dúas páxinas con apoio fotográfico como anexo). Esta documentación (en formato PDF) deberá dirixirse ao seguinte enderezo: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog?q=node/845>

Quinto.- Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria conservando a autoría dos seus creadores, para pasar a enriquecer a experiencia do colectivo implicado no Proxecto Escornabot sendo publicados cunha Licenza Creative Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional (<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>). Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do programa Escornabots na biblioteca escolar nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

José Manuel Fínal Rodríguez



ANEXO I

Codigo	Nome	Concello	Provincia	Nova incorp./ continuidade
15000363	CEIP Ponte dos Brozos	Arteixo	Coruña (A)	Nova incorporación
15020933	EEI de Barrionovo	Arteixo	Coruña (A)	Continuidade
15001847	CEIP Plurilingüe de Pedrouzos	Brión	Coruña (A)	Nova incorporación
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	Coruña (A)	Nova incorporación
15002670	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	Coruña (A)	Continuidade
15026765	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	Coruña (A)	Continuidade
15008714	CPI da Picota	Mazaricos	Coruña (A)	Nova incorporación
15009071	CPI Castro Baxoi	Miño	Coruña (A)	Continuidade
15009241	CPI Plurilingüe Virxe da Cela	Monfero	Coruña (A)	Nova incorporación
15024963	CEIP Plurilingüe de Andrade	Pontevedra	Coruña (A)	Nova incorporación
15014180	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo	Coruña (A)	Continuidade
15023430	CEP Xosé María Brea Segade	Rianxo	Coruña (A)	Continuidade
15026777	CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña	Santa Comba	Coruña (A)	Continuidade
15020921	CEIP de Présaras	Vilasantar	Coruña (A)	Nova incorporación
27002249	CPI de Castroverde	Castroverde	Lugo	Nova incorporación
27015301	CEIP de Cervo	Cervo	Lugo	Continuidade
27009608	CEIP O Salvador	Pastoriza (A)	Lugo	Nova incorporación
27010325	CEIP Plurilingüe da Pontenova	Pontenova (A)	Lugo	Nova incorporación
27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carme	Sober	Lugo	Continuidade
27012826	CEIP Santa María do Valadouro	Valadouro (O)	Lugo	Nova incorporación
32000708	CEIP Virxe de Guadalupe	Avión	Ourense	Nova incorporación
32015116	CEIP Condessa de Fenosa	Barco de Valdeorras (O)	Ourense	Nova incorporación
32002951	CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo	Carballiño (O)	Ourense	Nova incorporación
32014151	CEIP Plurilingüe de Vilar de Barrio	Vilar de Barrio	Ourense	Nova incorporación



Codigo	Nome	Concello	Provincia	Nova incorp./ continuidade
36001550	CEIP Plurilingüe de Carballedo	Cotobade	Pontevedra	Continuidade
36013618	CEIP de Figueiroa	Estrada (A)	Pontevedra	Continuidade
36002773	CEIP do Foxo	Estrada (A)	Pontevedra	Continuidade
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	Pontevedra	Continuidade
36014611	CEIP A Lama	Lama (A)	Pontevedra	Continuidade
36015871	CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas	Meaño	Pontevedra	Nova incorporación
36004927	CPI de Mondariz	Mondariz	Pontevedra	Continuidade
36015202	CEIP de Lourido	Poio	Pontevedra	Nova incorporación
36014738	CEIP de Leirado	Salvaterra de Miño	Pontevedra	Nova incorporación
36018471	CEIP de Rebordáns	Tui	Pontevedra	Continuidade
36009895	CEIP Plurilingüe Nº 2	Tui	Pontevedra	Nova incorporación
36024112	CRA Mestra Clara Torres	Tui	Pontevedra	Nova incorporación